

O goberno de Javier Bas ten enterrada a comisión de investigación da piscina de Chapela



Dende AER consideramos isto como un insulto á cidadanía, e sobre todo aos colectivos sociais de Chapela que solicitaron e pediron a comisión de investigación, nunha moción presentada a través de AER no pleno do Concello no ano 2012. E inadmisíbel que unha comisión deste tipo leve case catro anos sen ningunha conclusión ao respecto dese proxecto chapuceiro do goberno de Xaime Rei, que duplicou o seu orzamento inicial. **A derradeira xuntanza da comisión de seguimento foi en novembro do ano 2014**, unha xuntanza á que estaba citado o ex-concelleiro de urbanismo Emilio González e a Arquitecta do proxecto, persoas que non compareceron como se lles pedía; unha xuntanza na que se acordou a contratación dun equipo externo ao Concello para estudar e sacar un informe do expediente a execución da obra, así como a recepción da mesma.

Dende AER pedimos varias veces por rexistro, ao longo destes case 2 anos, a convocatoria da comisión, e única resposta que recibimos foi en outubro de 2015, cando dende Alcaldía se nos dixo que *“debido ao inicio do novo mandato había que incluír a novos representantes dos grupos que forman o pleno do Concello”*, e dende esa resposta o silencio na comisión é absoluto ata o día de hoxe. Javier Bas ten un problema coas comisións deste Concello, cando lle comezan a queimar enterraas todo o fondo que pode, o mesmo está a facer coa comisión de seguimento das obras da ampliación da AP-9, a dos servizos privatizados etc..

Neste caso en concreto un dos problemas que levaron a Javier Bas a enterrar esta comisión é que parte dos numerosos problemas que ben carrexando a instalación dende a súa apertura, apuntan tamén á recepción da obra feita polo seu goberno e firmada polo actual concelleiro de medio ambiente; as cousas complicadas mellor que as firme outro. Unha recepción na que o expediente apunta a que se recepcionou a instalación deportiva cunha escasa revisión previa. Así que é triste dicilo, pero grazas a unha mala xestión máis, a causa da prepotencia do goberno de Javier Bas, a veciñanza de Redondela non vai saber endexamais o que pasou en realidade cun dos derradeiros despropósitos urbanísticos do goberno de Xaime Rei no que o proxecto pasou de estar orzamentado en 3.2 millóns de euros aos case 6 millóns que se chegaron a pagar.

Redondela, a 21 de xuño do 2016.